

## Anexo1 Convocatoria

### 1 Prazo de inscrición

- 1.1 o prazo de presentación de solicitudes comeza o luns 23 de Xaneiro, e remata o mércores 15 de Febreiro do 2023.
- 1.2 As solicitudes de inscrición poderán remitirse á AVC Casco Vello, sita na rúa Cánovas del Castillo Nº2, CP 36202 de Vigo, por correo electrónico a [info@cascovellovigo.gal](mailto:info@cascovellovigo.gal), correo ordinario, ou de xeito presencial de 17:00 h a 20:00 h de luns a venres.

### 2 Solicitude e preferencia:

- 2.1 Terán preferencia para a instalación dos postos as asociacións veciñais, ou culturais de Vigo, (ata completar o espazo), as e os artesáns con carta Galega de Artesán, que o acrediten, e as empresas radicadas no Casco Vello de Vigo por esta orde.
  - 2.1.1 As e os artesáns deberan achegar documentación acreditativa da súa actividade, así como fotos dos produtos que elaboran, que serán comprobados no día da festa.
  - 2.1.2 As asociacións terán que entregar unha carta na que solicitan o posto, asinada pola persoa representante legal da mesma, acompañada dunha fotocopia do CIF da entidade.
  - 2.1.3 As entidades (empresas, asociacións...) que sexan aceptadas para participar no mercado, terán que asinar un descargo de responsabilidade, ademais, no caso de facer calquera tipo de instalación desmontable, terán que entregar a correspondente declaración responsable (anexo 4) para a montaxe e posta en funcionamento, segundo normativa municipal.
- 2.2 Todas as persoas, entidades e empresas que soliciten un posto no mercado deberán achegar o xustificante do ingreso bancario efectuado co importe da fianza e gastos segundo o establecido no punto 1 das Bases para a instalación de postos.
- 2.3 A devolución da fianza efectuarase por idéntico medio, achegarse no momento da solicitude, o correspondente número de conta, no que ten que constar o nome da persoa titular. **A devolución da fianza efectuarase unha vez que a comisión organizadora, avalíe o discorrer da festa e o correcto cumprimento, por parte de cada posto, das normas da organización.**
- 2.4 As solicitudes que non acheguen toda a documentación esixida, non serán admitidas a trámite.
- 2.5 O xoves 09 de marzo publicarase a lista de postos admitidos, con indicación do número asignado a cada un deles, e o nome da persoa representante. O venres 17 de marzo publicarase a súa localización exacta. Esta información estará dispoñible na oficina da AVC Casco Vello, sita na rúa Cánovas del Castillo Nº2, de Vigo.